

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FEDERACIÓN GALEGA DE ESPELEOLOXÍA EN MATERIA DE PROTECCIÓN CIVIL

REUNIDOS

Dunha banda, Diego Calvo Pouso, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, que en virtude do seu nomeamento por Decreto 65/2023, do 14 de xuño, actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, así como o Decreto 117/2022, de 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (actual Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes).

Doutra Gonzalo Villarmea Carreiras, presidente da Federación Galega de Espeleoloxía, en nome e representación da mesma, segundo o establecido no artigo 37 dos seus estatutos.

EXPOÑEN

O Decreto 144/2023, do 9 de novembro, polo que se modifica o Decreto 117/2022, do 23 de xuño, determina que no Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes pasa a denominarse Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Decreto 79/2023, do 22 de xuño, fixa a estrutura orgánica das Vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia.

No Decreto 117/2022, do 23 de xuño recóllense as competencias en materia de protección civil e dispón que esta vicepresidencia e consellería a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, é o departamento encargado de xestionar as competencias atribuídas á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de protección civil.

Os artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establecen que, no que atinxe ás relacións coas entidades locais galegas, correspóndenlle á Xunta de Galicia as competencias de cooperación e colaboración, podendo materializarse estas mediante a subscripción de convenios.

O artigo 24 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo (DOG nº 62, do 29 de marzo de 2000), modificado polo Decreto 109/2004, do 27 de maio (DOG nº 108, do 7 de xuño de 2004), polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e actuación de voluntarios, agrupacións de voluntarios e entidades colaboradoras en materia de protección civil de Galicia, estipula que a Xunta de Galicia poderá asinar convenios de colaboración con entidades públicas e privadas.



Os artigos 5.3 e 47.2 da Lei 5/2007 de emerxencias de Galicia dispoñen que a Xunta de Galicia poderá subscribir convenios de colaboración con entidades públicas ou privadas co fin de facilitar a colaboración das mesmas na xestión de riscos e de emerxencias.

O artigo 49 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo, polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e actuación de voluntarios, agrupacións de voluntarios e entidades colaboradoras en materia de protección civil de Galicia, establece como fin principal a colaboración coas autoridades competentes na realización de tarefas relacionadas coa protección civil.

A Federación Galega de Espeleoloxía téñen entre os seus fins o tal e como indica o artigo 5 apartado g dos seus estatutos: "A ensinanza, promoción e divulgación da Espeleoloxía, así como, das súas diversas modalidades: Descenso de Canóns e Barrancos, Espeleomergullo e Espeleosocorro, dentro do seu ámbito de competencias, en coordinación coas Entidades e Seccións de Espeleoloxía, en todas as súas manifestacións, orientando a actuación dos seus espeleólogos cara unha maior comprensión e coñecemento do mundo soterrado e a adquisición dunha técnica que permita a práctica deste deporte coa máxima seguridade."

O Servizo de Protección Civil é un servizo esencial e de carácter excepcional na nosa comunidade xa que funciona as 24 horas do día, os 365 días do ano. Ao ser imposible planificar todas as actuacións nas emerxencias, xa que ocorren a calquera hora e día do ano, estas non se poderían afrontar coa mesma garantía se non se tiveran en conta todos os medios existentes, especialmente aqueles que teñen un carácter específico e especializado.

Entre os medios e recursos mobilizables pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, é conveniente contar, en determinados momentos, ademais dos propios, con medios alleos co fin de optimizar recursos e orzamentos, sendo obxecto deste convenio a colaboración coa citada asociación provincial, en materia de protección civil, entendendo esta como a seguridade dos cidadáns e os seus bens, a través do seu coñecemento, poñendo en valor o interese da prevención e socorro así como a práctica individual e colectiva da autoprotección, como medidas primordiais para evitar riscos ou cando menos minorar as consecuencias dos posibles accidentes.

A Federación Galega de Espeleoloxía ten presenza en todo o territorio galego, está organizada en forma de rede para activar os seus recursos, e as súas persoas membro están dotadas coa necesaria capacitación técnica e estrutura organizativa, adquirida ao longo destes anos de colaboración coas autoridades de protección civil da nosa comunidade nos que se acadaron bos resultados, o que permite dispoñer dun recurso necesario para dar unha resposta ante emerxencias e desastres nas que sexa preciso, así como en actividades de prevención de riscos.

Por isto ámbalas dúas partes,



ACORDAN

Primeiro. Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é establecer as bases para a colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, e a Federación Galega de Espeleoloxía en canto ao apoio que este poida aportar á acción permanente dos órganos e autoridades competentes en materia de Protección Civil para a prevención e intervención ante as emerxencias.

Segundo. Obxectivos específicos

A colaboración centrarase nos seguintes apartados:

- Asesorar aos servizos de emerxencia, en caso de accidente ou incidente, en actividades de espeleoloxía, espeleomergullo e descenso da canóns e barrancos.
- Colaborar coa Dirección Xeral de Emerxencias de Galicia na formación dos rescatadores e actores que participan nun rescate en actividades de espeleoloxía, espeleomergullo e descenso da canóns e barrancos.
- Aportar á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior acceso ao Atlas de Cavidades e Canóns co que conta a Federación Galega de Espeleoloxía e no que se atopan os datos e información de todas as cavidades e canóns coñecidos no territorio galego.

Terceiro. Mobilización e identificación

Nos supostos de emerxencias ou activación de plans de protección civil ou cando o requiran as autoridades de protección civil da Xunta de Galicia, a mobilización dos medios e recursos da Federación Galega de Espeleoloxía en canto ao apoio que este poida aportar á acción permanente dos órganos e realizáranse a través do Centro de Atención de Emerxencias 112-Galicia.

Para o cumprimento das devanditas actividades a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior comprométese a facilitar os medios e recursos precisos segundo os seus criterios técnicos e a dispoñibilidade orzamentaria. Asemade, para que facilitara a identificación dos medios e recursos da Asociación autorízase expresamente o uso do logo da central de emerxencias 112 na súa uniformidade e recursos, para as labores a desenvolver.

Cuarto. Publicidade

En concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido



no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Quinto. Comisión de seguimento

Créase unha comisión mixta, constituída por dous representantes por cada unha das partes, que velará polo cumprimento das estipulacións deste convenio e proporcionará o soporte de xestión axeitado para atender os supostos que as circunstancias puideran deparar e propoñer as actuacións que sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do mesmo.

Pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes:

- A persoa responsable da subdirección xeral de planificación e protección civil da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior
- Un/unha técnico/a dependente da mesma

Pola Federación Galega de Espeleoloxía:

- A persoa que ocupe a presidencia da mesma ou, no seu defecto, calquera outra persoa membro da xunta directiva en quen delegue.
- A persoa responsable de operacións ou, no seu defecto, calquera outra persoa membro da xunta directiva en quen delegue.

Sexto. Causas de resolución

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

Sétimo. Financiamento

As actividades a desenvolver por este Convenio non implicarán ningún compromiso financeiro para a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e non supoñerán incremento do gasto público nin xerarán gasto algún. Así mesmo, non se derivan nin se asumen contraprestacións económicas entre as partes. Non poderán supoñer incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal. En concreto, a realización das mencionadas actividades, non supoñerá, en ningún caso, a percepción de emolumentos ou indemnizacións a cargo da Comunidade Autónoma.

Oitavo. Lexislación aplicable

As dúbidas que se presenten na súa interpretación, caso de discrepancias, serán resoltas, visto o informe da comisión de seguimento, polo vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, poñendo así fin á vía administrativa.

O incumprimento de calquera das cláusulas do presente convenio constituirá causa suficiente de rescisión do mesmo, dando lugar á súa resolución.



O presente convenio ten carácter administrativo, quedando ámbalas dúas partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir como consecuencia do mesmo e ao disposto pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e polo Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991.

Noveno. Relación entre as partes

A sinatura do presente convenio non supón relación laboral, contractual ou de calquera tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades e a entidade que o asina, de tal xeito que non se lle pode esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria polos actos ou feitos acontecidos no desenvolvemento do mesmo

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, segundo especifica o seu artigo 4, ao non previsto aplicaránselle os principios recollidos no citado texto, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, de maneira supletoria terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

Décimo. Modificación do convenio.

O presente convenio poderá ser modificado por mutuo acordo a través da subscrición da correspondente addenda modificativa, que deberá ser subscrita polas mesmas partes que asinan este convenio.

Décimo primeiro. Tratamento de datos de carácter persoal

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e coas demais disposicións vixentes sobre a materia.

Décimo segundo. Vixencia

A data de efectos do presente convenio será dende o momento da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.



Antes da finalización do prazo de vixencia, os asinantes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un máximo dun ano máis. De prorrogarse o convenio, na correspondente addenda estableceríanse as obrigas concretas das partes asinantes.

En proba de conformidade asínase electronicamente o presente convenio na data que figura á marxe.

Santiago de Compostela

Pola Xunta de Galicia
O vicepresidente primeiro e conselleiro de
Presidencia, Xustiza e Deportes

Diego Calvo Pouso

Pola Federación Galega
de Espeleoloxía
O presidente da FGE.

Gonzalo Villaranea Carreiras

